

**FESTEXAR TRISTEZA.** Como nunha daquelas pezas de tortura medievais, algúns lectores, varóns maiormente, proxectan sobre a obra xa ampla de Lupe Gómez un xustillo de ferro e cravos. Menciónoo porque a imaxe serve á idea da inmovilización, arma de réplica contra quen vén constituíndo desde 1995 unha grafía impautada e vertixinosa do movemento libre, unha danza pitagórica na que as marés e os péndulos son os sucedáneos da divindade ausente e da súa polaridade: o ben e o mal, o ben e o mal. Ese vaivén iniciático e liminar de Lupe Gómez: festa e tristura segundo a alternancia das vellas máscaras gregas no escenario metafísico e baleiro dunha praia inacabábel. Corrubedo acaso, ou máis longa aínda. Suxeitos coma nós, persoas que descansan baixo a carpa da cultura-identidade, persoas na caída con máscaras no colo. Sí, as persoas do verbo feito baile circular de pensar a aldea, con máscaras que silencian noite arredor dun lume manso; ou carreira e frenesí Algalia abaixo se a memoria postular a idea matinal do urbano, o exilio das vacas, a matanza de inocentes en calque-

ra praza do mundo, en calquera cárcere... Correr en busca do encontro iterativo coa efixie enorme da orde/poder, chamada tamén distinción/clase, para abrazala no seu perímetro desmedido e consumila na temperatura que culmina calquera escala do riso. Iso e iso de novo: rebobinalo axiña para repetilo mil veces e unha máis, sen conto. Máis unha vez, dirán as nenas que sosteñen na man unha vexiga a punto de estoupar polo riso subversivo de órbitas, impugnador de teoremas nunha mariola de voces que un día soñou a lúa alfabética, inorde, láctea e fría de Fisteus. Pero tamén choqueira e xerminal a lúa, como se o leite lúbrico for unha ponte de vida, xiz e sementeira. A lúa que lanza a pedra e salta logo e pasa do amor ás bragas, e pasa do corpo á dor, do Estado á ferida, da gadaña á historia, da inocencia á linguaxe, do medo á nudez, da obscenidade á patria. Da lúa que travestida vence a impostura fálica de paleiros e obeliscos e salta de novo do quinteiro á relixión, e do sangue ao teatro, do útero á verdade, do xogo á zapa. Do xogo de lobos á zapa da usura. // **Arturo Casas**